

AXUDAS PARA OS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR 2020/21

Segundo a ORDE do 12 de maio de 2020 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2020/21 (código de procedemento ED330B).

- A) **FONDO SOLIDARIO** de libros de texto do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.
Para acceder ao fondo solidario deberán devolver antes do 7 de xullo os libros recibidos do fondo solidario no curso 2019/20, quedando excluído desta devolución o alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria.
- B) **AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS** de texto para o alumnado matriculado en 1º, 2º de Educación Primaria e en EE.
- C) **AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR** destinadas ao alumnado de EP, ESO e EE.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: os modelos de solicitude obteranse por vía electrónica na aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) e unha vez cubertos todos os datos deberán gardala, obtendo así o número de solicitude e posteriormente optarán por dúas formas de presentación:

- 1- Presentación no centro: imprimir solicitude e o anexo II, asínalas e entregalas coa documentación acreditativa.
- 2- Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://www.sede.xunta.gal>)

PRAZO DE PRESENTACIÓN: desde o 20 de maio ata o 19 de xuño.

A renda per cápita da unidade familiar a ter en conta será a do exercicio 2018, sumaranse os recadros **435** e o **460** e dividirase o resultado entre os membros computables da unidade familiar.

Art. 24.3. Quedarán excluídas as solicitudes que non se puidesen validar por estar presentadas fóra de prazo, por falta de enmenda das deficiencias da solicitude e/ou da documentación ou por non ter devolto os libros de texto recibidos do fondo solidario adquiridos con axuda no curso 2019/20.

Mais información na secretaría do centro e no portal educativo da Xunta de Galicia, <https://www.edu.xunta.gal>, na páxina web do centro e nos teléfonos do colexio.

INFORMACIÓN FONDOS LIBROS 2020/21

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Formulario ED330B
- Declaración da renda do exercicio fiscal 2018

$$\text{Renda per cápita: } \frac{\text{recadro 435} + \text{recadro 460}}{\text{n}^\circ \text{ membros da unidade familiar}}$$

*Os membros computables da unidade familiar acreditaranse mediante copia do libro de familia, sentenza xudicial (de ser o caso), certificado de convivencia ou informe dos Servizos Sociais. Con data de referencia 31 de decembro de 2017.

* Cando non se presente declaración, deberán facilitar e teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria mediante un certificado de imputacións.

- Certificado do grao de discapacidade, se é o caso.

PRAZOS DE ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN NO CENTRO:

- Devolución dos libros do curso 2019/2020: ATA O 7 DE XULLO
- Presentación de solicitudes: ATA O 19 DE XUÑO
- Publicación do listado provisional: 10 DE XULLO
- Reclamacións: 13 E 14 DE XULLO
- Publicación de listado definitivo: 15 DE XULLO

OBRIGAS:

- Ter devolto os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2019/2020.
- Conservar en bo estado os libros de texto e material reutilizable.
- Destinar o importe do vale a adquirir os libros de texto que indique o centro en que estea matriculado o alumnado.
- Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.

MOI IMPORTANTE

PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES PRESENCIALES

DEBIDO Á SITUACIÓN ACTUAL DE ESTADO DE ALARMA PROVOCADO POLA COVID-19, AQUELAS FAMILIAS QUE OPTEN POLA PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE XEITO PRESENCIAL NO CENTRO DEBERÁN TER EN CONTA AS SEGUINTE CIRCUNSTANCIAS:

- 1- CHAMAR POR TELÉFONO AO CENTRO PARA CONCERTAR CITA PREVIA.
 - 2- RESPECTAR ESTRICTAMENTE A HORA DE CITA CONCERTADA.
 - 3- EXTREMAR AS MEDIDAS DE HIXIENE E DISTANCIAMENTO SOCIAL NA ENTREGA.
 - 4- TRAER TODA A DOCUMENTACIÓN CUBERTA, ASINADA E FOTOCOPIADA DE SER O CASO.
 - 5- PARA CORRIXIR OU CUMPLIMENTAR A DOCUMENTACIÓN, SERÁ O CENTRO QUEN SE POÑA EN CONTACTO COA FAMILIA, UNHA VEZ REVISADA A ENTREGA.
- AS FAMILIAS DEBERÁN PRESENTAR AS SOLICITUDES NO CENTRO NO QUE SE ATOPEN MATRICULADOS OS SEUS FILLOS/AS NO PRESENTE CURSO ESCOLAR.
 - POR MOTIVOS DE ORGANIZACIÓN E SEGURIDADE ATENDERASE DE XEITO PREFERENTE ÁS FAMILIAS DO ALUMNADO CONFORME Á SEGUINTE TÁBOA:

1º EP	2º EP	3º EP	4º EP	5º EP	6º EP
Do 20 ao 29 de maio		Do 1 ao 10 de xuño		Do 11 ao 19 de xuño	

DEVOLUCIÓN DOS LIBROS DO PRESENTE CURSO 2019-20

1. LEMBRAR QUE É REQUISITO INDISPENSABLE PARA PODER PARTICIPAR NA ASIGNACIÓN DO CURSO 2020-21.
2. FARASE A ENTREGA NO CENTRO ENTRE OS DÍAS 22 DE XUÑO E O 7 DE XULLO, SEMPRE CONCERTANDO CITA PREVIA POR TELÉFONO.